

**DON JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS (Lugo)**

CERTIFICA

“Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 4.09.2023, adoptou entre outros o seguinte acordo:

45.-APROBACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA ACTIVA, PARA O CURSO 2023-2024

Antecedentes

- **Xustificación da necesidade social**

O punto de partida é a consideración de que na promoción da autonomía personal así como na prevención e na detección precoz da dependencia están as claves para que as persoas maiores poidan gozar unha vida máis saudable e independente.

Segundo os datos do padrón municipal de agosto de 2023 o índice de poboación de persoas de máis de 65 anos no Concello de Monforte é do 29,36 % respecto da poboación total. Cómpre salientar que 5.581 persoas veciñas son maiores de 65 anos. Ademáis, a densidade de poboación é dispersa, establecéndose entorno ó núcleo urbano e 27 parroquias rurais.

O colectivo de persoas maiores son un grupo numeroso, polo que o Concello de Monforte de Lemos, a través da Concellería de Servizos sociais e discapacidade, valora necesario desenvolver actuacións de cara a promover o seu avellentamento activo e saudable e favorecer a súa participación social mediante a organización de actividades, no ámbito da educación non regrada, a través de distintos obradoiros a desenvolver durante o último trimestre de 2023 e o primeiro semestre de 2024.

O programa enmárcase no marco do Programa de prevención e inserción social do proxecto anual de Servizos sociais para o ano 2023, sendo un programa de continuidade e ampla aceptación e participación de persoas maiores de 55 anos desde o seu inicio fai 7 anos.

- **Contido e obxectivos**

Desenvolvemento dun conxunto de actividades dirixidas ós/ás veciños/as do Concello de Monforte e que teñen como finalidade última favorecer o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas maiores. Asímesmo, os obxectivos específicos son os seguintes:



- Promover o benestar bio-psico-social das persoas maiores
- Favorecer a socialización e participación social.
- Posibilitar espazos de encontro interxeracional.
- Evitar o illamento e situacións de soídade das persoas maiores
- Dinamizar os núcleos rurais.

De acordo coa finalidade do programa e desde unha perspectiva de atención integral, contémplanse actividades en diferentes áreas:

- Mantemento ou mellora da saúde física e mental
- Benestar emocional
- Promoción das relacións sociais
- Formativa
- Tempo de Lecer

As actividades propostas dentro do programa Activa para a edición 2023-24 son as seguintes:

A. Actividades a desenvolver no Centro cívico-social:

- Ximnasia de mantemento para maiores
- Ximnasia acuática
- Ioga
- Conservando a memoria
- Competencias idxitais para uso cotiá-nivel iniciación e perfeccionamento
- Informática básica
- Manualidades
- Costura básica
- Costura creativa
- Baile caribeño-nivel iniciación e perfeccionamento
- Bailes de salón

B. Actividades a desenvolver nos locais sociais das parroquias:

- Conservando a memoria
- Manualidades
- Costura creativa
- Costura básica
- Ximnasia de mantemento
- Bailes de salón
- Bailes latinos

Consonte ó anterior, e có fin de regular o procedemento de inscrición e desenvolvemento das actividades do programa Activa a Xunta de Goberno Local adpota por unanimidade o seguinte ACORDO



A aprobación das seguintes normas:

1. Persoas participantes

As actividades están dirixidas os/as veciños/as do Concello de Monforte.
As actividades a desenvolver no núcleo urbano (Centro cívico) agrúpanse en dous bloques segundo a idade dos participantes:

- Dirixidas a persoasmaiores de **55 anos**, que teñen como obxectivo principal promover o envellecemento activo das persoas maiores.
- Dirixidas a persoasmaiores de **16 anos**, que teñen como obxectivo principal posibilitar espazos de encontro interxeracional.

As persoas que desexen participar nas actividades a desenvolver no centro cívico deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. Estar empadroado no Concello de Monforte de Lemos.
- b. Ter a idade mínima esixida para a actividade na que desexe participar. De forma excepcional, e previa valoración dos servizos sociais, poderase eximir do requisito da idade en circunstancias debidamente acreditadas polo solicitante.
- c. Non presentar alteracións e comportamento que poidan alterar o normal funcionamento da actividade, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio. No caso de participar en actividades que requiran actividade física, non padecer doenza que poida ocasionar risco para a saúde. Así mesmo, atoparse en condicións físicas e cognitivas que permitan participar nas actividades.
- d. No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade, ter recoñecemento da situación de discapacidade e que non teñan dificultades que imposibiliten a súa participación con normalidade e sen risco para a súa saúde.
- e. Aceptar e cumprir coas condicións establecidas para cada actividade.

As actividades a desenvolver nos locais sociais das parroquias interesadas están dirixidas a calquera persoa empadroada nas parroquias, aínda que o colectivo prioritario é o de persoas maiores. Así mesmo, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. Non ter praza asignada nas actividades programadas para o mesmo período no centro cívico social municipal.
- b. Non presentar alteracións e comportamento que poidan alterar o normal funcionamento da actividade, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio. No caso de participar en actividades que requiran actividade física, non padecer doenza que poida ocasionar risco para a saúde.
- c. Aceptar as condicións do programa.

2. Catálogo de actividades



No catálogo de actividades establécense as condicións de cada una delas. Achégasecatálogo (Anexo I).

3. Prazas

O número total de prazas ofertas é de 510 prazas distribuídas do seguinte xeito:

- Actividades no centro cívico (19 grupos): **338 prazas**.
- Actividades parroquias (10 parroquias) : **180 prazas**(Número prazas estimado tendo en conta os datos da edición 2022/23)

O número de prazas establécese en función da actividade así como das instalacións dispoñibles e como máximos será de 30 persoas por grupo. No caso de non cubrir a metade das prazas ofertadas no inicio da actividade concreta anularase o seu desenvolvemento. A responsable do programa valorará as circunstanciase e tratarase de considerar outras alternativas antes de anular a actividade.

Reservase 1 praza por actividade para persoas con discapacidade, que non teñan dificultades que dificulten a súa participación con normalidade e sen risco para a súa saúde. A adxudicación desta praza realizarase previa valoración da responsable dos Servizos Sociais. No caso de que estas persoas necesiten asistencia durante a asistencia ás clases por problemas de mobilidade ou outras circunstancias poderán acudir acompañados por outra persoa, previa autorización dos servizos Sociais e non terá calidade de participante.

Poderase anular o inicio dunha actividade se non se cubren o 75% das prazas ofertadas finalizado o período de inscrición. Antes de decidir anular unha actividade, desde os Servizos Sociais valoraranse alternativas có fin de promover a súa impartición. Así mesmo, durante a impartición da actividade o número de participantes non poderá ser igual ou inferior ó 50%. Neste caso, o monitor/a responsable da actividade informará inmediatamente á persoa designada para o seguimento do programa para que poda valorar a continuidade ou anulación da actividade.

O Concello non se compromete a levar a cabo un nº mínimo de actividades nas parroquias xa que está condicionado ó nº de solicitudes presentadas e actividade escollida polo que o número de prazas establecido é estimado.

4-Temporalización



FIRMANTE - FECHA



- **Duración**

O programa ten unha duración aproximada de 9 meses entre **16 de outubro de 2023 e o 21 de xuño de 2024**.

- **Horario e lugar de celebración das actividades**

ACTIVIDADES PROGRAMA ACTIVA 2023-2024			
PERSONAS MAIORES DE 55 ANOS -ENVELLECIMIENTO ACTIVO			
ACTIVIDADE	DÍAS CLASES	HORARIO	LUGAR IMPARTICIÓN
XIMNASIA DE MANTEMENTO 1	LUNS E MÉRCORES	12:15- 13:15	Aula soto Centro cívico
XIMNASIA DE MANTEMENTO 2	MARTES E XOVES	12:15- 13:15	Aula soto Centro Cívico
XIMNASIA ACUÁTICA 1	LUNS E MÉRCORES	11:00- 11:45	Piscina municipal
XIMNASIA ACUÁTICA 2	MARTES E XOVES	11:00- 11:45	Piscina Municipal
CONSERVANDO A MEMORIA 1	MARTES	11:00- 12:30	Aula 2ª planta Centro cívico
CONSERVANDO A MEMORIA 2	XOVES	16:30- 18:00	Aula 2ª planta Centro cívico
YOGA	LUNS E MÉRCORES	10:00- 11:00	Aula soto Centro Cívico
BAILES DE SALON			Aula Soto centro cívico
COMPETENCIAS DIXITAIS PARA USO COTIÁ INICIACION 1	MARTES	11:00- 12:00	Aula informática centro cívico
COMPETENCIAS DIXITAIS PARA USO COTIÁ INICIACION 2	XOVES	10:00- 11:00	Aula informática centro cívico
COMPETENCIAS DIXITAIS PARA USO COTIÁ AVANZADO	MARTES	11:00- 12:00	Aula informática centro cívico
MANUALIDADES 1	MARTES	17:00- 18:30	Aula 2ª planta Centro cívico
INFORMÁTICA BÁSICA	MARTES	10:00- 11:00	Aula Cemit Multiusos
PERSONAS MAIORES DE 16 ANOS-ACTIVIDADES INTERXERACIONAIS			
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	LUGAR IMPARTICIÓN
COSTURA CREATIVA 1	LUNS	17:00- 18:30	Aula 2ª planta Centro cívico
MANUALIDADES 2	XOVES	18:30- 20:00	Aula 2ª planta Centro cívico
MANUALIDADES 3	XOVES	19:00- 20:30	Aula 2ª planta Centro cívico
BAILES CARIBEÑOS INICIACION	LUNS	17:15-	Aula Soto



		18:45	
BAILES CARIBEÑOS NIVEL INTERMEDIO	LUNS	18:45-20:15	Aula Soto
COSTURA CREATIVA 2	MÉRCO RES	19:00-20:30	Aula 2ª planta Centro cívico
COSTURA BÁSICA-INICIACION	MIÉRCO LES	17:00-18:30	Aula 2ª planta Centro cívico

- **Calendario lectivo**

Considéranse lectivos os días comprendidos no período anterior agás os seguintes:

FESTIVIDADE	DATA
Día de todos Os Santos	1 de novembro de 2023
Día da Constitución Española	6 de decembro de 2023
Día da Inmaculada Concepción	8 de decembro de 2023
Vacacións de nadal	22 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024
Entroido	12,13,14 de febreiro de 2024
San José	19 de marzo de 2024
Semana Santa	Do 25 de marzo ó 01 de abril de 2024
Martes de Pascua	02 de abril de 2024(festividade local)
Día das Letras Galegas	17 de maio de 2023
Día San Antonio	13 de xuño de 2023(festividade local)

As actividades desenvolveranse en sesión cunha duración máxima de 2h/semana, segundo a actividade.

5. Metodoloxía

As actividades son eminentemente prácticas. No seu desenvolvemento emprégase unha metodoloxía baseada na animación sociocultural promovendo a participación activa das persoas participantes.

6.Solicitud de participación

A persoas interesadas en participar nas actividades do centro cívico presentarán a súa solicitude,segundo o modelo normalizado no Rexistro do Concello,na Secretaría dos Servizos sociais ou a través da sede electrónica municipal(sede.monfortedelemos.es). O prazo de inscrición permanecerá aberto do **11 ó 29 de setembro de 2023**, amolos dous incluídos.



Como regra xeral, cada persoa poderá solicitar e participar nunha soa actividade có fin de que poidan acceder un maior número de persoas, agás que existan prazas vacantes nas actividades logo da súa adxudicación. Nese caso, poderase abrir un prazo extraordinario ata completar prazas.

O modelo de solicitude será facilitado na Secretaría do centro cívico, no Rexistro municipal e a través da páxina web (www.monfortedelemos.es). Non se admitirán solicitudes que non se presenten segundo o modelo normalizado.

A solicitude irá acompañada pola seguinte documentación:

- Documento de identidade (DNI, NIE, pasaporte).
- Certificado de empadramento (cando non autorice a súa consulta)
- Certificado de discapacidade, no seu caso.

A solicitude poderá ser individual ou conxunta. Neste último caso, preténdese favorecer a participación de persoas con relación de parentesco na mesma actividade.

No caso das actividades das parroquias, poderán solicitálas os representantes das parroquias no prazo establecido, que dispoñan dun local con condicións axeitadas para desenvolver a actividade. As persoas interesadas en participar na actividade concedida, deberán dirixirse o Alcalde/esa pedáneo/a da parroquia para proceda a anotar na actividade. O prazo estará aberto ata cubrir prazas ofertadas en cada actividade.

7. Procedemento de adxudicación

Corresponderá ós Servizos sociais o procedemento de adxudicación de prazas nas actividades do centro cívico e da concesión de actividades nas parroquias.

A adxudicación de prazas no centro cívico realizarase por sorteo entre as solicitudes recibidas para cada actividade, no caso que exista mais solicitudes que prazas, unha vez finalizado o prazo de solicitude e diferenciando entre a solicitude de prazas ordinarias e prazas para persoas con discapacidade. Asignarase un número para participar no sorteo por cada solicitude recibida. No caso de presentarse a solicitude de participación conxunta optarán a praza ou a lista de agarda cun único número.

O sorteo será público e publicarse na páxina web do Concello e no centro de servizos sociais a data e lugar da realización do sorteo así como a listaxe de persoas admitidas para participar neste.



FIRMANTE - FECHA



No prazo de 5 días desde a celebración do sorteo publicaranse as listaxes de persoas con praza adxudicada e a listaxe de persoas en lista de agarda, que no caso de existir renuncias procederase a chamar por orde nesta cun máximo de dúas chamadas realizadas en distintos horarios. No caso de imposibilidade de contacto, considerarase por desistimento e polo tanto pasarase a chamar á persoa figure no seguinte posto.

No caso de renunciar á praza adxudicada presentárase instancia na Secretaría dos servizos sociais municipais no prazo de 2 días.

A adxudicación de prazas nas parroquias realizarase por orde de solicitude recibida polo responsable da parroquia. Teñen preferencia para participar os veciños que residan na parroquia, máis admitirase a participación na actividade de persoas que residan noutras parroquias sempre e cando existan prazas dispoñibles. O responsable da parroquias será o encargado de informar e inscribir ás persoas interesadas en participar consonte ós requisitos establecidos. Unha semana antes ó inicio da actividade o este remitirá ós servizos sociais a listaxe de persoas participantes, segundo o modelo facilitado para que desde servizos sociais se poda comprobar o cumprimento requisitos e confirmar a asignación da praza. No caso de que a demanda sexa superior á oferta de prazas na parroquia elaborárase unha lista de agarda na actividade, que no caso de producirse algunha vacante, será chamada por orde de prelación na lista.

8. Obrigas dos participantes

- Cumprir coas condicións establecidas no programa.
- Levar o material necesario para a actividade para a que foi seleccionado.
- No caso de persoas con discapacidade estar en condición de realizar a actividade. No caso de precisar apoio de terceira persoa poderán acudir con persoa acompañante para que a asista durante a súa participación sen que teña a condición de persoa participante.
- Participar de forma regular. Producirase a baixa da actividade e a perda de dereitos automaticamente no caso de que a persoa participante acumule 3 faltas consecutivas sen xustificar. A falta de asistencia regular e a non comunicación de baixa en circunstancias previsibles poderá ser obxecto de penalización para poder participar en próximas edicións.

9. Custo das actividades

As actividades son gratúitas para as persoas participantes, financiadas o 100% con achega municipal con cargo á partida orzamentaria correspondente.

10. Avaliación

Realizarase unha avaliación continua durante o desenvolvemento das



actividades, así como ó final da súa execución a través de contactos periódicos có monitorado, enquisas de avaliación das persoas participantes...

Para a avaliación empregaranse os seguintes indicadores:

- Cualitativos: % satisfacción das persoas participantes coa actividade (monitor, aula...), nivel de participación y asistencia...
- Cuantitativos: nº persoas que participantes nas actividades, nº persoas que finalizan as actividades, nº de persoas Segundo idade..."

E para que así conste e coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos. Na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.
O ALCALDE



FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 07/09/2023
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D Decreto de 21.06.2023- A 1ª Tenente de Alcalde - 07/09/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/09/2023 11:50:08

